

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de agosto de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cinco minutos do día vinte e nove de agosto de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(865).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(866).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11483/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 28/08/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproa o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aprueba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de vixilancia e socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areas do Concello de Vigo para os anos 2016 e 2017 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de vixilancia e socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areas do Concello de Vigo para os anos 2016 e 2017 (PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 4 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aproba-lo expediente incoado para a contratación dos servizos de vixilancia e socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areas do Concello de Vigo para os anos 2016 e 2017 ; aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexe-lo mesmo; autoriza-lo gasto de dito contrato e abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial de Galicia, en data 17 de marzo de 2016.

- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 14 de marzo de 2016.

Terceiro.- En data 6 de abril de 2016 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do “sobre A: documentación persoal” do procedemento de referencia. Tra-la calificación da mesma, acordouse:

1º.- Admitir no mesmo a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.

2º.- Outorgar un prazo de tres días ós licitadores AP 10, S.L., INTUR SPORT, S.L., e EMSEBUR, S.L., para subsana-la documentación presentada.

Carto.- En data 13 de abril de 2016 a Mesa de contratación acorda:

1. Non admitir no procedemento a AP 10, S.L.: por non declara-lo obxecto social da empresa e non acredita-la solvencia económica financeira e técnica esixida.
2. Admitir no procedemento a INTUR SPORT, S.L e EMSEBUR,S.L.

A continuación, en sesión pública, se procedeu á apertura do “sobre B: Proposición evaluable mediante xuízo de valor” y se solicitou informe de valoración ó servizo xestor, Medio Ambiente. O mesmo, de data 25 de abril, foi entregado á mesa na sesión do 27 de abril, que o acepta.

Quinto.- En data 29 de abril de 2016, a Mesa de contratación procedeu á apertura do “sobre C: proposición evaluable mediante fórmula” e acordou solicitar informe de valoración da mesma ó xefe do servizo de Medio Ambiente. Este informe foi emitido en data 29 de abril de 2016

Sexto.- En data 4 de maio de 2016, a mesa de contratación, á vista do citado informe, formula proposta de clasificación das ofertas presentadas.

Sétimo.- En data 6 de maio de 2016, o órgano de contratación aprobou a clasificación de licitadores por orde descendente, e acordou requerir ó primeiro clasificado, EMSEBUR, S.L., a documentación prevista no artigo 151.2 do TRLCSP.

Octavo.- En data 13 de maio de 2016, EMSEBUR, S.L. presenta a documentación solicitada. En sesión de 20 de maio ésta é examinada pola Mesa de Contratación que a acepta e formula proposta de adxudicación.

Noveno- - En data 24 de maio de 2016, a XGL aprobou a adxudicación do contrato a EMSEBUR, S.L. Este acordo foi notificado ós licitadores o día 24 de maio de 2016 e non foi obxecto de recurso especial.

Décimo – En data 13 de xuño de 2016 se formalizou o contrato.

Undécimo.- En data 4 de agosto de 2017, D. Juan Manuel Rodríguez Amil presenta no Rexistro Xeral da Delegación de Goberno en Asturias, recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación deste contrato, o cal ten entrada no Rexistro do TA-CRC o 8 do mesmo mes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

E obxecto da presente impugnación o acordo da XGL de data 24 de maio de 2016 de adxudicación á mercantil EMSEBUR, S.L., do procedemento aberto para a contratación de servizos de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo.

-II-

Lexislación aplicable

E preciso comezar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do TACRC para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación armonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei, o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 209.000 euros .

- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

Este precepto na actualidade, finalizado o prazo de transposición da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, hai que interpretalo tendo en conta que a mesma goza de efecto directo dende o 18 de abril de 2016.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolve-los recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)”, convenio que foi obxecto de prórroga e está vixente na actualidade.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ó Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, en caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto ós **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzcan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se vi- ran prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexi- timación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doc- trina elaborada polos Tribunais especiais en materia de contratación, segundo a cal se esixe que exista unha relación unívoca entre o suxeito e o obxecto da pretensión (acto impugna- do), que comporte o que a súa anulación produza de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) ou evitación dun efecto negativo (prexuízo) actual ou futuro, pero certo e presu- pon, por tanto, que a resolución administrativa poda repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica de quen alega a súa lexitimación (sentenza da Audiencia Na- cional, Sala do Contencioso administrativo, sección cuarta de data 6 de xullo de 2016).

Atendendo ó acto impugnado no presente recurso, o acordo de adxudicación, non se apre- cia lexitimación, por non quedar acreditado o efecto certo que a súa anulación tería para o recurrente (resolución nº 277/2011, de 16 de novembro, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Neste sentido, recolle o Acordo 1/2012, de 4 de xaneiro de 2012, del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón: *“sobre a lexitimación activa dun terceiro non licitador para impugna-los actos dun procedemento de adxudicación, cabe traer a colación a doutrina ela- borada polo Tribunal Constitucional, sempre favorable ó «principio pro actione», en relación coas organizacións representativas dos traballadores. O TC fixou en numerosas sentenzas, entre as que destacan a STC 112/2004, de 12 de xullo, e a STC 183/2009, de 7 de setem- bro, como elementos fundamentais da súa doutrina consolidada e estable sobre a lexitima- ción activa dos sindicatos, o seguinte:*

- *Recoñecemento abstracto ou xeral da lexitimación dos sindicatos para impugna-las decisións administrativas que afecten ós traballadores.*
- *Esixencia de que esta xenérica lexitimación abstracta ou xeral teña unha proxección particular sobre o obxecto dos recursos, mediante un vínculo ou conexión entre a or- ganización que acciona e a pretensión exercitada, que no caso das organizacións sindicais se concreta na noción de interese profesional traducible nunha vantaxe ou beneficio certo, cualificado e específico derivado da eventual estimación do recurso entablado.*
- *Non pode opoñerse ó recoñecemento da existencia do necesario interese lexítimo a consideración de atoparnos perante unha materia propia da potestade de organiza- ción da Administración”.*

A vista da doutrina exposta, tendo en conta que o recurrente non foi licitador neste procedemento nin acredita actuar en nome de un sindicato ou colectivo a esfera de interese do cal se poida ver afectado polo acto impugnado nin proba que a anulación do mesmo poida re- portarlle beneficio algún, a xuízo da informante procede propoñer ó tribunal a inadmisión do recurso por falta de lexitimación activa do recurrente.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presen- te por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP).

Non consta no presente caso a presentación do escrito anunciando o recurso. A falta de presentación do mesmo non é óbice para a admisión do recurso sempre e cando o escrito de interposición se presente no Rexistro do órgano de contratación. Así, o artigo 17 do RD 814/2015 determina que “A presentación do escrito de interposición perante o órgano de contratación producirá, ademáis, os efectos do anuncio de recurso”. Sen embargo, no presente caso, o escrito de interposición do recurso presentouse no Rexistro Xeral da Delegación do Goberno en Asturias.

O escrito de interposición haberá de presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso se fará consta-lo acto recurrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recurrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tersela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente no que recaiga ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu derecho.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Como xa se dixo, o escrito de interposición do recurso foi presentado no Rexistro Xeral da Delegación do Goberno en Asturias.

O artigo 18 do RD 814/2015 determina respecto ó rexistro de presentación do recurso que “O recurso especial en materia de contratación e as cuestións de nulidade ó abeiro do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público só poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelos (...) A presentación nas oficinas de correos ou en calquera rexistro administrativo distinto dos mencionados no apartado anterior non interrompirá o prazo de presentación. En tales casos, o recurso, a reclamación ou a cuestión de nulidade se entenderán interpostos o día no que entren no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelo, segundo proceda”. E dicir, que a falta de presentación nalgún dos citados rexistros non provoca a inadmisión do recurso, senon que o único efecto sería ter por interposto o recurso na data na que ten entrada no rexistro do órgano de contratación ou do tribunal competente para resolvelo. Neste sentido, establece a doutrina do TACRC (resolucións 928/2015, 1017/2015 e 1119/2015) que :

- A data de interposición a considerar é a de presentación do recurso no rexistro do órgano de contratación ou no deste Tribunal.
- Non computan a estes efectos nin a data do anuncio previo, nin a de presentación en rexistro distinto.

- No caso de que se presente en oficinas de correos ou en rexistros distintos ós sinalados, o prazo empezará a contar dende a entrada no rexistro do Tribunal ou do órgano de contratación.

D) Por último, respecto ós **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquél en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

No caso que nos ocupa, o recurrente presenta o recurso en data 8 de agosto de 2017. Tendo en conta que o acordo de adxudicación é de data 24 de maio de 2016, e que foi obxecto de notificación ós licitadores e de publicación no perfil de contratante do concello de Vigo ese mesmo día, o recurso é extemporáneo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a inadmisión do presente recurso especial por falta de lexitimación activa do recurrente e por extemporaneidade.

Non obstante no fundamento xurídico seguinte farase un somero exame do fondo do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recurrida

O Sr. Rodríguez, no escrito de recurso, tras cita-los antecedentes do procedemento e numerosas cláusulas do PCAP, enumera no fundamento xurídico cuarto os motivos de impugnación os cales se poden sintetizar na infracción de preceptos do Código Penal, do TRLCSP, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, da Lei 17/2009, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, Lei 19/2013, de acceso á información pública e bo goberno, Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno da Comunidade autónoma de Galicia. Así mesmo alega varias supostas infraccións da empresa na execución do contrato.

Sen embargo, non fundamenta ningunha destas alegacións as cales se refiren non a cuestións relacionadas coa adxudicación do contrato senon a supostos incumprimentos da empresa adxudicataria do contrato durante a fase de execución do mesmo, as cales non teñen cabida en sede de recurso especial e o cauce para facelas valer sería en todo caso un escrito denunciándoas perante o órgano de contratación.

-VI-

Medidas cautelares

Solicita o recurrente que se impoña a medida cautelar de suspensión do procedemento. Dado que o recurso é extemporáneo e o contrato leva máis de un ano de execución, a xuízo da informante non procede acorda-la citada medida cautelar.

VII-

Acordo

En mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- *Aproba-lo presente informe.*

2º.-*Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se inclúe no precedente informe.

3(867).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE. EXPTE.4740/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/08/17, o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 29/08/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

ANTECEDENTES

Na sesión do 10 de agosto de 2017 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE”.

No citado prego, de data 2 de agosto de 2017, detectouse un erro material consistente na substitución de boa parte do Anexo I -FEC-, por mor dun cruce informático de datos con outro expediente que se estaba a tramitar paralelamente (4.694-440 “*Implantación das políticas de desenvolvemento urbano sustentable (Vigo Vertical) entre a rúa San Salvador e a praza Isabel A Católica*”).

Con carácter previo á redacción do prego de data 2 de agosto de 2017 redactouse un prego o 5 de xullo de 2017 que foi informado pola Asesoría Xurídica o 18 de xullo (“[...] *Examinado o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 5 de xullo de 2017 **INFÓRMASE**, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención Municipal, que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito*”).

O 2 de agosto de 2017 o xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emiten o informe que deseguido se transcribe:

“Revisada pola Intervención Xeral a memoria xustificativa detectuse un erro material na mesma. No apartado 10.2 indícase:

“ 10.2. Cando o número de ofertas sexa igual ou inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha B_i que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da “baixa de referencia” B_r , sendo o valor $B_r = B_m$.

B_r = media aritmética das (B_i) ofertadas. B_i calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 5$ si $n < 5$ ”

Pode apreciarse claramente o erro no texto que debería indicar o seguinte:

“ 10.2. Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha B_i que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da “baixa de referencia” B_r , sendo o valor $B_r = B_m$ ”.

En base ao informe anterior e co obxecto de corrixir o erro nel sinalado, redactouse un novo prego na data 2 de agosto de 2017. É neste prego onde se produce o cruce de datos co citado expediente (4.694-440 “*Implantación das políticas de desenvolvemento urbano sustentable (Vigo Vertical) entre a rúa San Salvador e a praza Isabel A Católica*”).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O 10 de agosto de 2017, a Xunta de Goberno local, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 02.08.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de DOUSCENTOS DEZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (463.244,49 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 80.397,80 €.

Exercicio 2017: 360.000 €

Exercicio 2018: 103.244,49 €

*Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3260.632.00.00 “*Investimento de Mellora da Escola de Música de Beade*” , a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.*

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

O citado acordo incluíu a aprobación dun prego, de data 2 de agosto de 2017, cuxo Anexo I -FEC- recollía boa parte do contido doutro expediente.

En consecuencia, cómpre rectificar o referido acordo co obxecto de aprobar un prego cuxo contido se corresponda co do expediente aprobado, isto é, co contido do prego de data 5 de xullo de 2017 que incluíu a corrección do erro detectado no apartado 8.D.2 do Anexo I -FEC- á que se refire o informe do 2 de agosto de 2017, asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Segundo.- O artigo 109.2 da LPAC faculta ás Administracións Públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao anterior propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o punto segundo do acordo da Xunta de Goberno local, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 10 de agosto de 2017, que quedará redactado como segue:

“Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de Administración xeral (en ausencia da xefa do Servizo de Contratación) de data 28 de agosto de 2017, que substitúe ao anterior erróneo do 2 de agosto”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(868).- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA MESMA DENOMINACIÓN DA OEP 2016. EXPTE. 29986/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 28/08/17, dáse conta do informe-proposta do 22/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Persoal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Traballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón.	Servizos	Extinción	Promoción

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
			Especial	Especiais	Incendios	Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre

b) *Persoal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- *Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.*
- *Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarse para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*
- *A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".*

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2017 acordouse o nomeamento interino de cinco auxiliares de administración xeral con cargo as cinco prazas de igual denominación incluídas na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, que se reproduce:

"PRIMEIRO: *Declarar a urxencia para proceder a provisión interina de cinco prazas de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, integradas no subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por 135.620,33€, incluídos os custes de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo aos programas orzamentarios 920.0 e 231.0, partidas 120.00.00, 121,00.00 e, 121.01.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.*

SEGUNDO: *Nomear funcionarias interinas con cargo a prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, a D^a. BEATRIZ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, DNI 36.143.333-Y, D^a.*

LAURA CAMPOS RIVAS, DNI 76.996.573-W, D^a. LUCIA OLMOS PITA, DNI 33.545.516-Q, D^a. JESSICA DOMÍNGUEZ BORINES, DNI 36.121.672-B e, D^a. **SARA COVELA RÚA, DNI 44.084.121-K**, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición libre de auxiliares de administración xeral da última oferta de emprego executada, e no disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte. percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de 0 coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, as xefaturas dos Servizos as que se adscriban as funcionarias interinas nomeadas, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos".

Con data 10 de maio de 2017, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D^a. Sara Covela Rúa (doc. 170066560), a través da cal renuncia con efectos do 14 de maio de 2017 ao seu nomeamento interino con cargo a praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, que tiña sido nomeada funcionaria interina con cargo a praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral con data 20/02/2017 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2017.

Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 15/05/2017, foi aceptada a renuncia presentada con data 10 de maio de 2017 por D^a. Sara Covela Rúa, con DNI 44.084.121-K, nº de persoal 83604, nomeada funcionaria interina con cargo a praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, con efectos do día 14 de maio de 2017, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12 de maio de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local da referida praza vacante de

auxiliar de administración xeral incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto no artigo 10.1.a). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual a citada praza xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte).

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de petición das distintas xefaturas dos servizos onde se atopan as vacantes contidos no expte. 29418, orixe do presente expediente, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12/05/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que a cobertura desta praza vacante se corresponde con casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, considerándose a prestación destes Servizos (Benestar Social, Estatística, etc), como esenciais ao tratarse ben de competencias propias e obrigatorias, como de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos ou tratarse polo de servizos internos, centrais, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada nos reiterados escritos de petición dos distintos xefes/as de Servizo recibidos nesta Área de Recursos Humanos e Formación, así como nas propias Instrucións de Servizo do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 06/02/2017 e 12/05/2017, que figuran anexadas tanto no expediente 29418/220 como no presente expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto dun/dunha auxiliar de administración xeral, supón un gasto de 29.589,89€ anuais, incluído o custe de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará

necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade, significando que o custe máximo para o que resta do ano 2017 será de **12.329,12€**, toda vez hai que imputalo a un máximo de 5 meses, significando que dito gasto xa foi fiscalizado con ocasión da aprobación do expediente 29418/220.

O referido gasto imputarase con cargo a praza vacante existente no Servizo de Benestar Social, cód. 301, programa funcional 231.0, por un importe de 12.329,12€, prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos, incluído o custe da Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade. A xornada laboral do/da traballador/a nomeado/a desenvolverase preferentemente de luns a venres, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de catro prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 16 de xaneiro de 2017 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarias de carreira con data 2 de febreiro de 2017, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 45 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 08 de febreiro de 2017, aprobou a creación das listas de reserva derivadas da execución da Oferta de Emprego correspondente aos anos 2010-2011 que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do TRLEBEP como **auxiliares de administración xeral**, diplomados/as en traballo social e oficiais condutores/as, expte. 29414/220.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á

limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contéplase que "*cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo*".

De acordo co anterior, e seguindo estritamente a lista a que se refire o anterior parágrafo, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral da aspirante núm. 19-**D^a. EVA M^a. DA ROCHA GONZÁLEZ, DNI **.***.143-X**, que manifestou optar ao referido nomeamento interino segundo o disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Significar asimesmo que consta no expediente as renuncias dos/das aspirantes comprendidos entre os números 6-Carrera Pérez, Ruben e 18-Canosa Fernández Carmen, que xustifican a proposta da aspirante Sra. Da Rocha González.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina dunha praza de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, integrada no subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por 12.329,12€, incluídos os custes de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo ao programa orzamentario 231.0, partidas 120.00.00, 121,00.00 e, 121.01.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionaria interina con cargo a praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral, a D^a. EVA M^a. DA ROCHA GONZÁLEZ, DNI **.***.143-X, na súa condición de seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición libre de auxiliares de administración xeral da última oferta de emprego executada, e no disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o

texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte. percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, a xefatura do Servizo a que se adscriba a funcionaria interina nomeada , á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(869).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS/DÚAS OFICIAIS COIDADORES, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL, CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA MESMA DENOMINACIÓN DA OEP 2016. EXPTE. 30451/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25/08/17, dáse conta do informe-proposta do 25/08/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Persoal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Traballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón.	Servizos	Extinción	Promoción

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
			Especial	Especiais	Incendios	Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre

b) *Persoal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola **quenda libre**- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, **1 oficial mecánico** e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- *Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.*
- *Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*
- *A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".*

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte. No Cadro de Persoal orzamentario do Concello de Vigo para o presente ano 2017, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de data 27/12/2016 e, na Relación de postos de Traballo vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 20 de setembro de 2010, e posteriores modificacións, publicada no BOP de 16 de novembro seguinte, figura vacante, entre outras, unha praza de Oficial Condutor en réxime laboral, con posto de igual denominación no Servizo do Parque Móbil, que e necesaria cubrir para garantir o normal funcionamento do mesmo e, a atención e apoio dos servizos esenciais, tal e como se reflexa no escrito de petición anexado ao expediente presentado pola xefatura do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de agosto de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de contratación laboral interina á Xunta de Goberno Local de dúas prazas vacantes

de oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto nos artigos 7, 8 e 11 do *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e normativa de concordante aplicación.*", e 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, extingúndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as referidas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

En cumprimento do ordenado, con data 25/08/2017, pola técnica que subscribe, fórmulase o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso a **contratación interina laboral** efectúase en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016. As referidas prazas (persoal laboral) xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 e rectificada en sesión de 2 de decembro de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte e, rectificacións no BOP nº 243 de 22 de decembro de 2016 e DOG nº 247 de 28 de decembro seguinte.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase “por expiración do tempo convido ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo ,ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Os/as funcionarios/as-contratados/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto Cód. 689-Oficial Coidador, mantemento, vixilancia e control, adscritos a Vigozoo, cód. 612, programa funcional 337.1, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a domingo, de acordo coa xornada de Vigozoo, en horario de mañá e/ou tarde, atendendo ás necesidades do servizo e garantindo os períodos de descanso

regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición de data 14/07/17 remitido polo Director de Réxime Interior de Vigozoo e que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área, que figura no expediente, onde se atopan as vacantes, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de agosto seguinte no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe da funcionaria informante, resultou acreditado que a cobertura destas prazas vacantes é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, tratándose da cobertura dunha praza das incluídas na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, publicada no DOG de 28 de decembro de 2016.

En consecuencia, tratándose dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, infórmase favorablemente as ditas contratacións interinas.

A urxencia das contratacións interinas propostas quedas acreditadas no escrito de data 14/07/17 remitido polo Director de Réxime Interior de Vigozoo e que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico-económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta de dous/dúas **oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control** supón un gasto anual de **47.813,88 €** (ao que deberá engadirse a cantidade de **17.679,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo ás prazas vacantes existentes en Vigozoo, cód. 612, programa funcional 337.1 polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 689-Oficial Coidador, mantemento, vixilancia e control), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con

posterioridade, significando que o custe máximo anual será de **21.831,00 €** (dos que **15.937,96 €** corresponden a retribucións e, **5.893,04 €** a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 4 meses.

A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase de luns a domingo, de acordo coa xornada de Vigozoo, en horario de mañá e/ou tarde, atendendo ás necesidades do servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de maio de 2013.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Oficiais de Instalacións municipais, Oficiais Coidadores, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo**, oficial Desinfector, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017.

Nas bases xerais do proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo autorizado pola Xunta de Goberno na súa sesión de 23/03/2017, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”*.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, acordou a formación dunha bolsa de emprego de oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo órgano na súa sesión de 23/03/2017, expte. 30302/220, figurando no referido acordo a relación de aspirantes que, a efectos do previsto no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou o proceso selectivo e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde a contratación interina como oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e

control de Vigozoo, dos/das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. **1-AMARO ÁLVAREZ, SUSANA, DNI **.***.351-R, e 2-VÁZQUEZ IGLESIAS, ANA, DNI **.***.373-P**, que aceptaron expresamente optar ás referidas contratacións interinas con cargo ás prazas vacantes como oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo con cargo ás vacantes correspondentes á Oferta de Emprego Público 2016, segundo o disposto nos artigos 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores , desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta D^a Susana Amaro Álvarez, foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como oficial coidadora, mantemento, vixilancia e control con data 17 de xullo, con ocasión do expediente 29887/220, e D^a Ana Vázquez Iglesias é titular dun contrato de relevo a tempo parcial que rematará o vindeiro 2 de outubro de 2017 ante a xubilación da persoa xubilada parcial á que releva, polo que ámbalas dúas están en condicións de ser nomeadas.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "*VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo*", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Por outro lado, no apartado II dos citados criterios contéplase que "*cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo*".

Así mesmo, ao tratarse de postos de traballo que implican un contacto habitual con menores, esixírase con carácter previo á toma de posesión, a certificación negativa do Rexistro de Delincentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral

Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina de dúas prazas de oficial coidador, mantemento, vixilancia e control, encadradas dentro do persoal laboral, asociadas a un posto de traballo coa mesma denominación, cód. retributivo 689, actualmente vacantes en Vigozoo, cód. 612, e que figuran na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, autorizar o gasto de 21.831,00 € (dos que 15.937,96 € corresponden a retribucións e, 5.893,04 € a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 4 meses, con cargo ao programa orzamentario 337.1, partida 130.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento, consideradas as urxentes necesidades existentes en Vigozoo acreditadas no expediente administrativo.

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo ás referidas prazas vacantes de Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control, á D^a. AMARO ÁLVAREZ, SUSANA, DNI ****.*.*.351-R**, e D^a. VÁZQUEZ IGLESIAS, ANA, DNI ****.*.*.373-P**, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do proceso selectivo e obtiveron a máxima cualificación, no proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais Coidadores, mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, cuxas bases reitoras aprobáronse na sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/03/2017 (expte. 27845/220) e que publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017, e ao abeiro do disposto nos artigos 7 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e, o artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro. Dita contratación non produce efectos, no que respecta ó encadeamento de contratos a que se refire o art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores, toda vez que se trata dun contrato de interinidade con cargo a postos vacantes que figuran na oferta de emprego público correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte, pendente de execución.

TERCEIRO: Dispoñer que ás interesadas formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribir o seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 689-oficial coidador, mantemento, vixilancia e control, vacantes na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscritas a Vigozoo, cód. 612, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de oficial coidador, mantemento, vixilancia e control, previa resolución do

procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

CUARTO: A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase de luns a domingo, de acordo coa xornada de Vigozoo, en horario de mañá e/ou tarde, atendendo ás necesidades do servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ás interesadas, ao Director de Réxime Interior de Vigozoo, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(870).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS, DE 3 CONDUTORES-BOMBEIROS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OEP 2013. EXPTE. 30481/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/08/17, dáse conta do informe-proposta do 17/08/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade tres prazas de Conductor-bombeiro en réxime funcional e incluídas no subgrupo C2 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, na súa sesión de 08 de agosto de 2017, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
37	GARCÍA SÁNCHEZ	DIEGO	*****237Y	34,9500
84	SOBRINO COSTOYA	ANXO	*****369W	33,4625
48	LAMAS MATILDE	SERGIO	*****557M	30,6500

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/08/2017.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, pola Técnica de Formación e Avaliación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Conductor-Bombeiro, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
37	GARCÍA SÁNCHEZ	DIEGO	*****237Y	34,9500
84	SOBRINO COSTOYA	ANXO	*****369W	33,4625
48	LAMAS MATILDE	SERGIO	*****557M	30,6500

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lles correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C2 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro,

modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(871).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES OFICIAIS COIDADORES/AS E TRES OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES E PARA O SERVIZO DE VIGOZOO. EXPTE. 30452/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25/08/17, dáse conta do informe-proposta do 24/08/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo en escrito de data 14 de Xullo de 2017, conformado pola Concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable, solicita a contratación ou nomeamento interino de tres oficiais coidadores/as e tres oficiais instalacións municipais debido á necesidade urxente de cubrir as necesidades básicas para o mantemento do Parque a causa da falta de persoal.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de Agosto de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local de tres oficiais coidadores/as mantemento, vixianza e control, e de tres oficiais instalacións municipais por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Parque Zoolóxico contidas no escrito de petición.

En cumprimento do ordenado, con data 22/08/2017, pola técnica que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza as vacantes, (posto cód. 689 - Oficial coidador/a, mantemento, vixianza e control), e (posto cód. 300 - Oficial Instalacións Municipais) adscritos ao Servizo de Vigo-Zoo, cód. 612 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce

meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto do Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de Agosto do 2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, ao amparo do disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, dacordo co establecido na Instrución 1/2014 da Intervención Xeral Municipal e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220).

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo en escrito de data 14 de Xullo de 2017, conformado pola Concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres Oficiais Coidadores/as e tres Oficiais Instalacións Municipais para Vigo-Zoo, supón un gasto de 70.419,06 €, dos que 46.946,04 corresponden aos presente exercicio e, 23.473,02 ao exercicio do vindeiro ano, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 25.991,05 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante dos postos (Cód. 689 - Oficial coidador, mantemento, vixianza e control) e (Cód. 300 - Oficial Instalacións Municipais), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Oficiais de Instalacións municipais, Oficiais Coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo**, oficial Desinfectador, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

As Xuntas de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, acordou a formación dunha bolsa de emprego de oficiais de instalacións municipais e de oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 23/03/2017, exptes. 30301/220 e

30302/220, figurando no referido acordo a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou as oposicións, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo por acumulación de tarefas, dos/das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 3-**GONZALEZ ALVAREZ, CRISTINA, DNI **.***.731-D**, 5-**GÓMEZ RODRÍGUEZ, ANA MARÍA, DNI **.***.498-B**, 6-**CORREA ALONSO, LEIRE, DNI **.***.573-A** que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos como oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, e, corresponde o nomeamento oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, dos/das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 48-**SANCHEZ FIGUEROA, JAVIER, DNI **.***.791-D**, 49-**FAJARDO FARIÑAS, JESUS, DNI **.***.401-T**, 50-**VAZQUEZ MARTINEZ, BENITO, DNI **.***.352-W**, que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos como oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

No expediente 30451-220, foron nomeadas dúas oficiais coidadoras, con cargo a vacante, as aspirantes da Bolsa de Emprego números 1 e 2, aceptando dito nomeamento.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os/as aspirantes propostos/as, están en condicións de ser nomeados ao terse acreditado que ben nunca prestaron servizos neste concello ou levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas no grupo C2 de Titulación.

Nas bases xerais do proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo e, oficiais de instalacións municipais autorizado pola Xunta de Goberno na súa sesión de 23/03/2017, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”*.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- *En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo*”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Asimesmo, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores, esixírase con carácter previo á toma de posesión, a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciales efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais coidadores/as de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo, e, tres Oficiais Instalacións Municipais ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo-Zoo, contida no escrito remitido polo Director de Réxime Interior de Vigozoo conformado pola concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 14 de Xullo de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 70.419,06 €, xunto cos custes de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. CRISTINA GONZALEZ ALVAREZ, DNI **.***.731-D, D^a. ANA MARÍA GÓMEZ RODRÍGUEZ, DNI **.***.498-B, D^a. LEIRE CORREA ALONSO, DNI

**.*.*.573-A , na súa condición de seguintes aspirantes da bolsa de traballo de Oficiais coidadores/as de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo formada por acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 13 de xullo de 2017, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^o. JAVIER SANCHEZ FIGUEROA, DNI *.*.*.791-D, D^o. JESUS FAJARDO FARIÑAS, DNI *.*.*.401-T, D^o. BENITO VAZQUEZ MARTINEZ, DNI *.*.*.352-W, na súa condición de seguintes aspirantes da bolsa de traballo de oficiais de instalacións municipais formada por acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 13 de xullo de 2017, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Con carácter previo á toma de posesión, deberán achegar a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria, do posto Cód. 689-Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia de Vigo-Zoo, e, do posto Cód. 300-Oficial Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo de VigoZoo (cód. 612), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase de luns a domingo dacordo coa xornada de Vigo-Zoo, en horario de mañá e/ou tarde atendendo ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo os aspirantes nomeados, ao Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(872).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS NA ÁREA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 30380/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta do 17/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE HECHO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 8 de xuño de 2017, acordou aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de normalización lingüística. Expte. 30072/220. As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 128 de 5 de xullo de 2017.

II.- Pola Presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización lingüística (CTNL), con Rexistro de entrada de data 17 de xullo de 2017 (Doc. 170102268), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2017 (publicado no BOP nº 128 de 5 de xullo de 2017), polo que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de normalización lingüística. Expte. 30072/220.

III.- Con data 7 de agosto de 2017 se publica no BOP "Audiencia no recurso de reposición sobre modificación das bases reitoras do proceso selectivo para formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos na Área de Normalización Lingüística"

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.

IV.- Lei 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia.

V.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

VI.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos dealzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse a lexitimación da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización lingüística (CTNL) por estar entre as súas funcións a defensa dos intereses profesionais dos traballadores de Normalización Lingüística. Negarlle á recorrente lexitimación para impugnar as bases reitoras do proceso selectivo que nos ocupa, suporía cuestionar o que en realidade é asociación e por en dubida súas competencias, atribucións, funcións e fins establecidos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 5 de xullo de 2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo “ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para os nomeamentos interinos dun técnico/a de normalización lingüística. Expte. 30072/220”, presentando o recurso o día 17 de xullo de 2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para tramitalo.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización lingüística (CTNL) interpón recurso alegando en síntese que debido as funcións reais que se teñen que desenvolver por un técnico de normalización lingüística e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolverlas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística, deben de estar equiparadas ao subgrupo A1 da función pública, e non ao subgrupo A2.

Sobre a base do anterior solicitan que se modifiquen as bases da convocatoria e se estableza que a bolsa de emprego sexa para o nomeamento interino de técnicos/as de normalización lingüística, subgrupo A 1 da función pública. Consecuentemente, que na base II e) se fixe como requisitos dos/das aspirantes a titulación de grao ou de licenciatura.

III.- O principio de autoorganización da Administración Local.

O artigo 4 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local atribúe as entidades locais a potestade de autoorganización, esta potestade, en relación coa ordenación dos recursos humanos, se concreta no TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público cuxo artigo 72 é do seguinte tenor literal: "En el marco de sus competencias de autoorganización, las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo previsto en este Capítulo."

Non imos entrar no análise da implicación do exercicio da potestade organizatoria das Administracións Públicas no ámbito da ordenación de seu persoal, pero aos efectos que nos ocupan non é baladí destacar que o interese público na eficacia dos medios persoais das organizacións públicas, leva consigo a súa vez a eficacia de estas. No caso da potestade de autoorganización, o interese querido polo ordenamento xurídico é o da eficacia da actividade administrativa, tanto en súa vertente propiamente administrativa como presupostaria (principio de eficiencia). É dicir, o ordenamento xurídico non recoñece á Administración Pública unha autonomía para xestionar os seus asuntos, se non que atribúelle unha potestade con unha natureza finalista, e polo tanto, caracterizada pola suxeición de seu exercicio a un determinado interese público querido pola norma habilitante.

Este interese público se presenta xenericamente na Constitución (artigo 103.1) e, en unha formulación máis concreta, nas Leis administrativas.

A potestade de autoorganización ten un marcado carácter discrecional, aínda que o xuízo de oportunidade que implica toda decisión, non é allea o Dereito, se non xustamente o contrario, é precisamente o ordenamento xurídico o que da cobertura a este marxe de oportunidade da administración.

Así, cada unha das administracións públicas actúa en cumprimento dos seus fins, con personalidade xurídica única, e en función das súas necesidades, teñen competencias para planificar seus recursos humanos, ofertando as prazas necesarias e establecendo os mecanismos de selección que consideren mais idóneos para elixir aos candidatos, respectando sempre a normativa legal.

IV.- Principios de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 23.2 da nosa Constitución recoñece a todos os cidadáns o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. De este modo, o dereito a acceder a postos funcionariais se erixe nun modo de participación dos cidadáns nas Institucións públicas, conectado cos principios que, segundo o artigo 103 da Constitución Española, deben presidir o funcionamento e a organización da Administración.

O artigo 23.2 do citado corpo legal, recoñece expresamente que a lei pode suxeitar ó acceso a funcións públicas a determinados requisitos, polo que o dereito fundamental que nel se consagra non é dun dereito indiscriminado, sino de configuración legal, dentro sempre do respecto aos principios e preceptos constitucionais. De este xeito, o dereito non se lesiona si **a esixencia dos requisitos establecidos con carácter xeneral polas leis se aplica motivadamente con criterios razoables e en términos de xeneralidade que exclúan toda idea de discriminación persoal o que supoñan, por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio de este dereito fundamental, debendo prevalecer en todo caso a interpretación máis favorable á efectividade de aquel.**

E na liña con o argumento anterior, é reiterada a doutrina do Tribunal Constitucional que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais haberá de ser realizada no sentido

máis favorable á súa máxima efectividade, e éste criterio é incompatible coa admisión de restricións que non estean suficientemente xustificadas.

Así, a predeterminación normativa das condicións para acceder á función pública de conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, ten especial transcendencia, polo que aquí interesa, dende a perspectiva do principio de igualdade que incorpora e especifica o artigo 23.2 CE como contido do dereito fundamental que recoñece e garantiza, en canto o mesmo pode resultar vulnerado cando por vía regulamentaria o a través de actos de aplicación de la lei o das normas reguladoras dos procedementos de acceso se introduzan novos requisitos ou condicións que limiten o acceso á función pública a determinados cidadáns ou grupos sen contar para elo ca necesaria habilitación lexislativa, excluindo do goce dun dereito a aqueles aos que a Lei non excluíu. De modo que **resulta totalmente proscribida a posibilidade de que por vía regulamentaria ou mediante actos de aplicación da lei ou das normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen o engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste** (SSTC 47/1990, de 20 Marzo; 185/1994, de 20 Xuño). Noutras palabras, a posta en conexión do artigo 23.2 CE (“...cos requisitos que sinalen as leis”) co artigo 103.3 CE (“...a lei regulará... o acceso á función pública”) obriga a concluír que tales requisitos serán establecidos mediante disposicións con rango de Lei, coa colaboración da potestade regulamentaria cos límites e condicións que xa se expresaron.

Centrándonos xa no ámbito do sector público local, o artigo 133 do Real Decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido da Administración Local, establece que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local axustarase á lexislación básica do Estado sobre función pública, e establecerase tendo en conta a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo que se vaian a desempeñar, incluíndo a tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.

Impera así a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigo 7). No non previsto na normativa estatal, aplicarase a regulamentación que para o ingreso na función pública estableza a respectiva Comunidade Autónoma, e suplementariamente, o Real Decreto 2223/1984, de 19 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración de Estado. Polo tanto a Administración Pública está obrigada a garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, e demais normativa sectorial aplicable.

Así, estes principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público incluídos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, implican a carga, para quen quere acceder a unha determinada función pública, de acreditar as capacidades, coñecementos e idoneidade esixibles para a función á que se aspira. Así o dereito de acceso ó emprego público debe garantirse mediante os citados principios, e os procesos de selección do emprego público deben ser abertos para garantir a libre concorrencia de todos aqueles que cumpran os requisitos esixidos.

V.- A titulación esixida.-

O artigo 56, no apartado e), TRLEBEP; fixa tamén como requisito xeneral de acceso o emprego público a posesión da titulación esixida.

En este sentido, o artigo 76 clasifica os corpos e escalas funcionariades en diferentes grupos, de acordo precisamente coa titulación esixida para o acceso aos mesmos. Así de conformidade co mesmo o Grupo A divídese en dous subgrupos, A1 e A2, e para o acceso aos corpos ou escalas de este Grupo se esixirá estar en posesión do título universitario de Grao. Naqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta. A clasificación dos corpos e escalas en cada subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de aceso. Parece claro que a titulación necesaria para o acceso a un emprego público debe ser congruente coas funcións a desenvolver (STS de 12 de maio de 1995), é dicir, debe existir unha adecuación entre o título esixido e o traballo a desempeñar. Así a Administración Pública non é libre para admitir una titulación calquera cando o posto require unha particular preparación, sino que debe, por imperativo do artigo 103.1. da C.E. e de consecución do interese xeneral, cubrir dito posto coa persoa técnicaamente mais cualificada para o seu desempeño». O órgano competente pode determinar a cualificación técnica que deben ter os que, na respectiva Administración, prestarán servizos, pero so pode establecer diferencias en razón de que a capacitación técnica sexa a adecuada á natureza de as tarefas a realizar e con carácter xeneral, é dicir, pola posesión de determinados coñecementos o titulación.

A Administración na convocatoria non pode excluír titulacións permitidas legalmente (STSJ Cataluña de 22 de outubro de 1998 [RJCA 1998, 4017]), nin pode en cada convocatoria limitar as titulacións previamente establecidas na relación de postos de traballo (STSJ Valladolid de 24 de marzo de 2000 [RJCA 2000, 836]).

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais estrutura as ensinanzaas universitarias en tres niveis: Grao, Máster e Doctorado.

Indicando que a finalidade das ensinanzaas de Grao, é, a obtención por parte do estudante dunha formación xeneral, en unha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

VI.- Aplicación ao caso concreto.

Aplicando ó anteriormente exposto ás alegacións da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización lingüística (CTNL) recollidas no punto II dos Fundamentos Xurídicos, entende a funcionaria subscribinte que estimar súa solicitude suporía **ir en contra dos principios que deben presidir a actuación das administracións públicas cando se propón seleccionar o seu persoal e que foron expostos nos puntos anteriores, así como a uniforme xurisprudencia que non deixa de reiterar que “non poden impoñerse restricións que non estean debidamente xustificadas, e que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais debe realizarse no sentido mais favorable a súa máxima efectividade, e este criterio é incompatible coa admisión de restricións carentes de sentido.”**

Por outra parte o TRLEBEP (artigo 76), establece sen ningún xénero de dúbidas que o título universitario de Grao é válido e suficiente para o acceso aos corpos e escalas funcionariais do grupo A (A1 e A2), con a única salvidade dos supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta”.

As entidades locais en función das súas necesidades, teñen competencias para planificar seus recursos humanos, ofertando as prazas necesarias e establecendo os mecanismos de selección que consideren mais idóneos para elixir aos candidatos, respectando sempre a normativa legal. En función das tarefas a desenvolver, que constan no expediente 30072-220, se fixaron as condicións que deben de requirir os aspirantes, elo de conformidade coa solicitude do servizo xestor que ó definir o perfil do técnico/a de normalización lingüística sinalou as dúas posibilidades “A1: Posuír a titulación de de Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués)

con Grao en Lingua Galega, ou titulado en calquera outra licenciatura sempre que dispoña do Celga 5.

A2: Grao en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués), Lingua e Literatura Galegas ou equivalentes sempre que tamén se posúa o certificado de lingua galega do nivel 5." (Expte 2260-334)

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización lingüística (CTNL) con rexistro de entrada de data 17/07/2017 (Doc. 170102268).

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Terceiro.- Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Tableiro de Editos da Casa do Concello e na paxina web municipal www.vigo.org para público e xeral coñecemento, informando de que se continuará co devandito proceso selectivo, procedéndose á maior brevidade á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos.

Cuarto.- Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(873).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 10/08/17 POR ERRO COMETIDO NO INFORME-PROPOSTA DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA (FASE 2) . EXPTE. 3388/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/08/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario, a letrada-xefa de Asesoramento (P.A. O Xefe de Asesoramento Xurídico da Área de S.Xerais) e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ANTECEDENTES:

Ao proceder a iniciar o expediente de contratación das obras de Humanización da Rúa Marqués de Valterra detectouse un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto. No mesmo se identificaba incorrectamente ao redactor do proxecto de obras, indicando que era o arquitecto D. Pablo Menéndez Paz cando o mesmo foi redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Carlos Antonio González Cabrera.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 Lei 39/2015)

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro no nome do redactor do proxecto “Humanización da Rúa Marqués de Valterra. Fase 2” aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 10.08.2017. No mesmo indicábase que o redactor do proxecto fora o arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cando foi o enxeñeiro da Caminos, Canais e Portos D. Carlos Antonio González Cabrera.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao exposto, proponse á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o punto 3 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.08.2017 de aprobación do prego de prescricións técnicas particulares do expediente de contratación para obras de humanización da Rúa Marqués de Valterra (fase 2) que quedaría coa seguinte redacción:

“Aprobar o proxecto básico e de execución de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE II”** de data xullo de 2017, redactado polo enxeñeiro de caminos, canais e portos D. Carlos Antonio González Cabrera cun orzamento base de licitación, máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E UN MIL CENTO TRINTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (871.135,82 EUROS)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(874).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR LOTES DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA. EXPTE. 79256/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 23/08/17, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) na seguinte orde descendente:

Lote nº1		330.578,51 €
Licitadores		Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	97,50
2	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	88,18
3	GONDOMAR, S.L.	85,00

Lote nº2		132.231,83 €
Licitadores		Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	88,18
2	MATERIALES CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L.	85,00

Lote nº3		371.900,83 €
Licitadores		Puntuación
1	GARCI VENTA, S L	100,00
2	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	98,93
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	92,15
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	79,65

Lote nº4		82.644,63 €
Licitadores		Puntuación
1	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	100,00
2	GARCI VENTA, S.L.	96,51

Lote nº4		82.644,63 €
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	74,92
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	59,24

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.811,52 euros (452,88 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e . Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez